

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2023



Acompañamos a persoas adultas con discapacidade intelectual nos seus proxectos de vida para acadar a súa autonomía persoal e inclusión social no rural, cos apoios precisos.



ÍNDICE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS
2. CONTEXTUALIZACIÓN
3. RECURSOS PERSOAIS
4. PROGRAMAS E SERVIZOS AO LONGO DO ANO 2023
5. HORARIOS
6. FINANCIAMENTO: SUBVENCÍONS E AXUDAS RECIBIDA



1. DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación: **AMIPA. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR**
- Identificación fiscal: G-15611536
- Sede social: CENTRO SOCIAL – CAMPO DO SOUTO, s/n. 15900 – PADRÓN (A CORUÑA)
- Enderezo: REITORAL DE SAN TOMÉ DE SORRIBAS, nº2. 15980 ROIS (A CORUÑA)
- Teléfonos: 981.817.202 – 669.051.747
- Enderezo electrónico: amipa@asociacionamipa.gal
- Páxina web: www.asociacionamipa.gal
- Inscrita co Nº E-1031 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia desde o día 28 de novembro de 1997.
- AMIPA foi Declarada Entidade de Utilidade Pública (Orde do 30 de Setembro de 2009. DOG nº 203).



2. CONTEXTUALIZACIÓN

O ámbito territorial de actuación prioritaria da Asociación AMIPA abarca a comarca do Sar, formada polos municipios de Padrón, Rois e Dodro. A día de hoxe, presta tamén servizos a persoas dos concellos de Brión e Teo.

AMIPA xestiona o Centro Ocupacional de Sorribas que é o único recurso de referencia especializado na atención a persoas con discapacidade intelectual (en diante, PcDI), situado na devandita comarca. Conta con 24 prazas públicas autorizadas para PcDI con necesidades de apoio límite e intermitente, con idades comprendidas entre os 21 e 70 anos.

O centro ocupacional é un recurso para a atención das PcDI e a promoción do seu desenvolvemento persoal e autonomía funcional, a través de procesos de formación individualizados, da práctica ocupacional, da participación na vida da comunidade e da creación de redes naturais de apoio para a súa inclusión social e laboral.

No ano 2023, AMIPA prestou servizos a un total de 25 persoas con discapacidade intelectual, 13 mulleres e 12 homes, de idades comprendidas entre os 21 e os 69 anos, e aos membros das súas unidades de convivencia.

AMIPA aposta, un ano máis, pola individualización dos apoios a todas as persoas con discapacidade intelectual, na procura da súa máxima autonomía e benestar. Asemade, o avellentamento das persoas con discapacidade en centros ocupacionais, plantexa moitos retos, especialmente en contornas rurais como a nosa, o cal esixe maior intensidade na prestación de apoios e maior número de profesionais.

Todas as persoas con discapacidade contan co seu Plan Individual de Atención (PIA), para desenvolver os seus proxectos persoais, acompañados por unha profesional de apoio, mantendo reunións de seguimento cando as persoas con discapacidade intelectual o demanden ou se considere necesario por parte do/a profesional de apoio.

No desenvolvemento dos programas e servizos do Centro Ocupacional, así como no PIA de cada persoa con discapacidade, percíbese que a idade das PcDI agrava as situacións de dependencia, o que vén determinando maiores necesidades de atención e apoio, ademais da necesidade de recursos diferentes. É por isto, que na Asemblea Xeral de Socias/os de xuño de 2023, uns dos acordos foi o de comezar os trámites para poder pór en marcha un novo recurso, centro de día.



3. RECURSOS PERSOAIS

As persoas que participan no desenvolvemento do Proxecto da AMIPA na Comarca do Sar, son:

- Xunta Directiva da Asociación AMIPA, formada por 6 persoas: 4 mulleres e 2 homes (un pai dunha PcDI, unha nai dunha PcDI, tres irmás de tres PcDI e un curmá dunha PcDI).
- 24 persoas con discapacidade intelectual, participantes diarias no Programa desenvolvido por AMIPA.
- 24 socios/as de número.
- 38 socios/as colaboradores/as.
- Persoas voluntarias e colaboradoras. Destacamos os proxectos de voluntariado que mantemos coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón: "Libros Viaxeiros" e "Voluntariado Sénior".

As e os profesionais que teñen participado no desenvolvemento dos servizos, proxectos e actividades da AMIPA ao longo do ano 2023, son os seguintes:

- 1 Director/a-xerente (35 horas semanais).
- Coordinador/a-Traballador/a Social (20 horas semanais).
- Psicopedagogo/a (10 horas semanais).
- 1 Administrativo/a (29 horas semanais)
- 1 Educadora Social (29 horas semanais)
- 4 Educadoras-monitoras (2 cunha xornada de 38,5 horas semanais, 1 cunha xornada de 28,5 horas semanais e 1 cunha xornada de 10 horas semanais).
- 1 Cociñeira, con funcións de limpeza (38,5 horas semanais).
- 1 persoa de limpeza (2 horas semanais)
- 1 Educadora Familiar, 2 días á semana (Técnica do Concello de Rois).
- 2 Monitores Deportivos, 2 días á semana, dos Concellos de Padrón e Rois.
- Acollemos unha persoa en práctica do ciclo formativo de Animación Sociocultural e Turística do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

4. PROGRAMAS E SERVIZOS DESENVOLVIDOS AO LONGO DO ANO 2023

AMIPA desenvolveu unha rede de servizos, programas e actividades na procura de que ás persoas con discapacidade intelectual foran as protagonistas. Nas distintas áreas formuláronse diferentes accións a desenvolver coas propias persoas con discapacidade intelectual, a nivel interno dentro da organización, cos membros das súas familias ou en relación coa contorna.

E así, o Centro Ocupacional organizouse arredor de distintas áreas:

SERVIZO DE ATENCIÓN OCUPACIONAL	
<p style="text-align: center;">Programas</p> <p>Individualizados</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Taller de Artesanía De setembro a decembro. Participan 20 persoas, en quendas. • Taller de manipulado de STAC De setembro a decembro. Participan 15 persoas, en quendas. • Taller de manipulado de Nestlé De setembro a decembro. Participan 3 persoas. • Taller de Agricultura Ecolóxica De setembro a decembro. Participan 6 persoas. • Manipulado de Packaging para Panificadora San José De novembro a decembro. Participan 16 persoas, en quendas. <p><u>Comercialización de produtos do centro ocupacional:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Venda de produtos de artesanía relacionados co Camiño de Santiago, na Panadería San José en Padrón e en albergues do Camiño. - Venda de produtos artesanais exclusivos coa figura rosaliana, na Casa Rosalía en Padrón. - Venda de produtos da horta do centro ocupacional.
	SERVIZO DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADO
	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de Atención Individualizada (PAI). Cada persoa xunto co profesional de referencia, participa na elaboración do seu plan de atención, que recolle unha serie de obxectivos a traballar, a demanda da persoa ou por valoración profesional (sempre consensuados coa persoa). • Plan de Coidados. No mesmo figuran as atencións pautadas a cada persoa usuaria do centro. • Asunción de responsabilidades e tarefas por parte das persoas con discapacidade na vida do centro ocupacional segundo os seus intereses e a demanda das mesmas (por exemplo, medición de temperaturas en frigoríficos, auga, posta e recollida da mesa, recollida

	de correo postal, coidado de plantas, acollida de visitas,...)
	SERVIZO DE TERAPIA OCUPACIONAL
	<ul style="list-style-type: none"> • Taller de cociña. Participan 13 persoas, en quendas. • Taller de relaxación. Participan 15 persoas, en quendas. • Taller de estimulación cognitiva. Participan 15 persoas, en quendas. • Taller de alfabetización dixital. Participan 8 persoas, en quendas. • Taller de lectoescritura. Participan 6 persoas. • Taller de costura/calceta (Asociación Mulleres Rurais de Urdilde). Aberto á comunidade. Participan 5 persoas con discapacidade e 5 mulleres da Asociación Mulleres Rurais de Urdilde. • Taller de auto-coidado e imaxe persoal. Participan, a demanda, unhas 8 persoas.
	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
	<ul style="list-style-type: none"> • Ocio-Saídas-Festividades. Realizamos actividades como: <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de ocio grupal: mércores pola tarde. - Saídas grupais significativas na contorna próxima: todos os venres en grupo de máximo 6 persoas e por afinidades. - Celebración de festividades destacables. - Plans persoais de ocio a demanda das persoas. • Actividade de "Deporte e saúde" no centro e entorno próximo. • Servizo de transporte. • Servizo de comedor.
	SERVIZOS EXTERNOS
	<ul style="list-style-type: none"> • Servizo psicolóxico, no que participan 6 persoas do centro, 5 mulleres e 1 home. • Música á carta, no que participan 6 persoas, 5 mulleres e 1 home. • Servizo de ocio. Ofrecemos actividades de ocio a través da empresa privada Tempus.
Outras actividades	<p style="text-align: center;">Celebración de festas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Febreiro: entroido - Abril: comida de Pascua - Maio: comida da festa de San Isidro Labrador - Xuño: festa de San Xoán - Xullo: festa do verán - Novembro: comida no San Martiño - Decembro: Comida/Cea de Nadal

	<p>Celebración de días "D":</p> <ul style="list-style-type: none"> - Febreiro, Día de Rosalía, dinámica e degustación do "caldo de gloria". - Marzo, 8M Día da muller, participamos no acto organizado polo CIM Terras de Iria. Dinámicas no centro (8 persoas). - Novembro, 25N, participamos en actos organizados por esta data. - Decembro: 3 de decembro, Día Internacional das Persoas con Discapacidade. <p>Difusión nas redes sociais da actividade asociativa e do centro ocupacional, Facebook e Instagram:</p> <p>Asociación Amipa Facebook</p> <p>Asociación Amipa (@asociacionamipa)</p>
<p>Actividades de apertura do centro ocupacional e participación comunitaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Libros Viaxeiros en lectura fácil: Coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón, realizando encontros nos diferentes establecementos hostaleiros do concello adheridos ao proxecto, coa colaboración da coordinadora de voluntariado de Concello de Padrón. Esta dinamiza no centro unha sesión semanal de lectura con persoas con discapacidade das obras escollidas polas mesmas para o encontro mensual. <p>De AMIPA participan 8 persoas con discapacidade con e sen lectoescritura.</p> <p>Os encontros e obras comentadas foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 26/01/2023: Capitanes valientes (Pulpería Rial). ▪ 23/02/2023: La Casa de Bernarda Alba (Cafetería Latorre) ▪ 23/03/2023: Las invisibles (Restaurante Alpendre) ▪ 27/04/2023: A idade da inocencia (Cafetería Alfolí). ▪ 25/05/2023: Memorias de un neno labrego (Cafetería Bámbola) ▪ 29/06/2023: Marcus e Marc y la ruta del petróleo (Bar A Esquina) ▪ 20/07/2023: Las aventuras de Hucklberry Finn (Cafetería Centro Social de Padrón) ▪ 25/09/2023: Marcus Marc y la Ruta del Cacao (Casa do Patín) ▪ 20/12/2023: Siete días en el lago (Cafetería Bámbola)

	<ul style="list-style-type: none"> - Voluntariado Sénior: encontros mensuais, o terceiro luns de cada mes, nas instalacións do centro, con persoas do devandito programa do Concello de Padrón, no que participan 7 persoas voluntarias e 20 persoas do centro. Dinamizan xogos populares e unha posterior convivencia que posibilita a creación de lazos persoais interxeracionais. <p>PROXECTOS CON CENTROS EDUCATIVOS:</p> <p>IES Félix Muriel de Rianxo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Marzo. Semana da Diversidade. Desenvolvemento dun obradoiro de xabóns de glicerina e participación no mercado solidario cun posto de venda de produtos de artesanía, no que participaron 8 persoas con discapacidade e 2 profesionais. <p>OUTRAS ACTIVIDADES:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obradoiro de acompañamento a través do arte (xuño) Fademga Plena Inclusión Galicia - Obradoiro de apoio ao voto eleccións xerais (xuño). Fademga Plena Inclusión Galicia.
<p>Participación noutros proxectos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • FADEMGGA Plena Inclusión Galicia. - UDS Centros Ocupacionais (2021-2024) - UDS Transporte (2021-2024) • Proxecto Toob-Lab de transformación da economía social das persoas máis vulnerables, financiado polo PERTE Social 2023. AMIPA participa en agrupación con 8 entidades de atención a persoas con discapacidade intelectual de Galicia, Baleares e Canarias e con 2 provedores de servizos de consultoría de Galicia e País Vasco. www.redtoolab.org • Programa Más Social da Fundación Barrié de capacitación profesional. Marzo-xullo 2023. Fundación Barrié (fundacionbarrie.org) • Programa Efervescencia da Radio Galega en colaboración coa Asociación Astronómica IO e a Asociación AMIPA. Gravación do programa de Radio e posterior observación de estrelas na Casa

	<p>Rosalía de Castro en Padrón, coincidindo co solsticio de verano. Participaron 9 persoas de AMIPA, 3 familiares e 3 profesionais de apoio. Amipa convidou á Asociación Andaina Pro Saúde Mental de Dodro da que participaron 6 persoas da mesma, xunto con 25 persoas máis de público en xeral.</p>
<p>Actividades coas familias</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Información, Orientación e Apoio ás Familias - Boletín trimestral AMIPA (Enviado nos meses de marzo, xuño, setembro e decembro). <p>Trátase dun boletín que recolle todas as actividades levadas a cabo por trimestre na asociación, así como unha recolección de fotos das mesmas e outra información de interese para as familias sobre a asociación.</p>
<p>Relación e coordinación con outras entidades públicas e privadas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. - Área de Servizos Sociais da Deputación da Coruña. - Departamentos de Servizos Sociais de Padrón, Rois, Dodro, Teo e Brión. - Centro de Información á Muller Terras de Iria. - Mesas Locais contra a violencia de xénero dos Concellos de Padrón e Rois. Participamos neste grupo interdisciplinar de traballo no que están presentes representantes políticos, técnicas/os de concellos, membros e forzas de seguridade estado, centros educativos, asociacións... en un grupo de traballo sobre Comunicación Non Violenta. - IES Rosalía de Castro. Acollemos 1 persoa en prácticas en colaboración con este centro educativo (Ciclo de Animación Sociocultural). - IES Félix Muriel de Rianxo. Participación na Semana da Solidariedade 2023. - Oficina Municipal de Voluntariado (OMV) do Concello de Padrón. - Centro de Día de Rois. Participación no 12+1 aniversario, 3 mulleres con discapacidade, 1 persoa da Xunta Directiva de AMIPA e a Xerente - CaixaBank, oficina de Padrón. - Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), como entidade colaboradora de proxectos. - Fundación Rosalía de Castro de Padrón. - Rede de Ocio Inclusivo de Galicia (ROIG). (19 de marzo) Foi unha xornada de traballo sobre a accesibilidade no ocio inclusivo con Aspace Coruña, Asociación Aspronaga, Down Lugo, Asociación BATA, EVD Galicia e Centro Pai Menni. Irmás Hospitalarias. - Fademga Plena Inclusión Galicia (federación) - IN-RED: Asociación Patronal Galega de Entidades da Discapacidade

Formación	<ul style="list-style-type: none"> - Formación para persoas con discapacidade: Participación e co-liderado das persoas con discapacidade” da plataforma online de Coliderazgo y discapacidad intelectual Seminario (plenainclusionmadrid.org) - Formación para profesionais sobre Protección de datos de carácter persoal, impartido por unha profesional da empresa Confialis SL, nas instalacións do centro. 16/03/2023: 3 horas - Formación conxunta con Andaina Pro Saúde Mental: sobre planificación centrada na persoa, impartido por Juan Carlos Morcillo, psicólogo experto en terapia familia sistémica e discapacidade, no auditorio do Concello de Valga. 03/07 e 04/07/2023: 12 horas - Formación conxunta con San Xerome Emiliani de A Guarda (Pontevedra): sobre Comunicación Non Violenta, impartido polo especialista na mesma Chavi Nieto, nas instalacións de San Xerome Emiliani. 24/07/2023: 8 horas - Visitas de traballo e formación sobre equipos de traballo autoxestionados de Organizacións Teal, en Fundación EDE e DE Luz Restauración, Santander e Bilbao 11,12 e 13 de setembro - Formación sobre Teoría U de transformación Social, en Santiago de Compostela. 4,5 e 6 de setembro - Visita de traballo e formación sobre Agilismo, en ESMENT, Palma de Mallorca 23, 24 e 25 de outubro



5. HORARIOS

HORARIO XERAL: O horario habitual de apertura do Centro Ocupacional é de 10:30 horas a 17:30 horas, (sen incluír o servizo de transporte) de luns a venres, podéndose ampliar puntualmente por motivos relacionados coas actividades dos programas. O centro ocupacional permanece pechado por vacacións estivais ao longo do mes de agosto e días de peche en Nadal e Semana Santa.

HORARIO OCUPACIONAL: Os talleres ocupacionais funcionaron en horario de mañá, de 10:30h a 14:00h do mediodía, e na sesión de tarde de 15:00 horas a 17:30 horas. Tendo unha hora de comedor (14:00h-15:00h).

HORARIO DOS PROGRAMAS: Os programas desenvolvéronse en paralelo á actividade laboral. Cunha franxa horaria de 10:30h a 14:00h e de 15:00h a 17:30h.

6. FINANCIAMENTO: SUBVENCIONS E AXUDAS RECIBIDAS

Fontes de autofinanciamento: os ingresos propios proveñen do copago pola prestación do servizo, da venda de produtos da horta e do Taller de Artesanía, da prestación de servizos a empresas da comarca, de cotas socias/os de número e colaboradores/as... (trátase de fontes de financiamento moito menos estables, e contía inferior aos públicos que dotan de maior estabilidade, e que cómpre seguir desenvolvendo nos vindeiros anos).

Parte importante das actividades e programas que AMIPA desenvolve para dinamizar os procesos de promoción integral das persoas con discapacidade dependen do financiamento público (Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concellos da Comarca: Dodro, Padrón e Rois), supoñendo máis do 80% dos ingresos.

Contrato de prestación de servizo público:

-**Xunta de Galicia**: O **contrato** asinado coa Consellería de Traballo e Benestar (actual Consellería de Política Social e Xuventude) con referencia á xestión do servizo público para a reserva e ocupación de prazas públicas en Centro Ocupacional para Persoas con Discapacidade. Na modificación e 13ª prórroga do contrato (do 1 de xaneiro de 2023 ao 1 de marzo de 2023). O importe total facturado no 2023 foi de 163.538,28€ que corresponde, dunha banda á prestación do servizo de atención diúrna e, doutra banda, á prestación do servizo de transporte.

Subvencións e axudas dos seguintes organismos públicos e privados:

- **Xunta de Galicia, Subvencións da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade** (Programas de Cooperación 2022-2023), concesión para a contratación durante 9 meses, ao 75% da xornada, de 1 educador/a social. O importe imputado ao ano 2023 foi de 18.004,90 €, sendo o importe total concedido de 19.233,72€.



Na ampliación da subvención, en xaneiro de 2023, concesión para a contratación durante 9 meses, ao 75% da xornada, de 1 administrativa/o. O importe imputado para o ano 2023 foi de 13.077,10 €, sendo o importe total concedido de 14.354,52€.

- **Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude, a través de FADEMGAL Plena Inclusión Galicia** 26.693,84€. Subvención 2023 para o gasto derivado do incremento salarial pola entrada en vigor do XV Convenio colectivo de Centros de Atención a Persoas con Discapacidade.

- **Administración Local:** Deputación da Coruña para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais, 16.877,50€, Concellos de Padrón, 12.000€, Rois, 2.000€, e Dodro, 500€, para mantemento de actividades. E Deputación da Coruña para investimento, concedidos 2.099,59€, para renovación de equipos informáticos no centro.

-**Obra Social La Caixa**, a través de oficina de Padrón: 3.960€, colaboración para a renovación de equipos informáticos no centro.

- **Ayudas del Plan Integral de Impulso a la Economía Social para la Generación de un Tejido Económico, Inclusivo y Sostenible para los años 2022 y 2023**, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, do Ministerio de Trabajo e Economía Social. **PERTE Social**. Participamos en agrupación 8 entidades sociais de Galicia, Canarias e Mallorca e 2 consultorías de Galicia e Euskadi. Importe concedido a AMIPA: 5.615,50€.

Rois, a 8 de febreiro de 2024